



Estimado Presidente:

Para finais do mes de febreiro a Escola Galega do Deporte ten previsto organizar dous cursos do Bloque Común, un para adestradores de Nivel I e outro para o Nivel II.

Ámbolos dous se celebrarán en Santiago de Compostela, en lugar e datas a determinar que serán publicados na web deportegalego.es. Por suposto que tamén o comunicaremos por correo electrónico para o voso coñecemento.

O primeiro curso do Bloque Común de Nivel III tense previsto para o mes de xuño.

Aos cursos poderán matricularse soamente aqueles que cumpran os seguintes requisitos :

- Para o Nivel I, ter 16 anos feitos e mailo título de Graduado en Educación Secundaria ou equivalente (ata 2º de BUP), ou ben ter feitos os 17 anos e ter superada a proba de madurez (Exame que anualmente convoca sobre o mes de setembro a Consellería de Educación sobre coñecementos relacionados cos obxectivos da ESO).
- Para o Nivel II, ter superado o Bloque Común, Bloque Específico e as Prácticas do Nivel I para a mesma modalidade deportiva.
- Para o Nivel III, ter superado o Bloque Común, Bloque Específico e as Prácticas do Nivel II para a mesma modalidade deportiva.
- Como requisito para o acceso ao Bloque Específico do Nivel I a federación, se o considera necesario, poderá convocar unha proba de acceso axeitada e definida ao deporte ou especialidade deportiva á que vai dirixida a titulación, ou ben esixir unha acreditación do mérito deportivo que ven fixado no RD 1363/2007 de 24 de outubro de 2007 coas excepcións da disposición transitoria segunda. Poderase acceder ao Bloque Específico do Nivel I sen ter feito ou superado o Bloque Común do Nivel I, sendo necesario para o remate da titulación que se faga con posterioridade.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2009

José Angel Casal Fernández
Coordinador Escola Galega do Deporte